



CIRCULAR INFORMATIVA 26-11-2021

Estimadas familias, informamos do seguinte:

1. EXPOSICIÓN DE ELEMENTOS DECORATIVOS

Como xa sabedes, este ano o noso proxecto de centro é Naturaliza-T e, dende Voz Natura, temos unha misión moi importante: animarvos a facer actividades en familia nas que aproveitemos todas as posibilidades que nos dá a natureza. Temos dúas peticións:

- Esta vez gustaríanos facer unha **exposición de adornos decorativos**. É moi sinxelo, podedes elaborar centros de mesa, xarróns, elementos para o xardín, decoración para portas... empregando, na maior parte, elementos naturais coma follas, piñas, paus, noces, troncos...



Con todas elas faremos unha exposición no corredor principal da planta baixa. Logo colgaremos un vídeo que poderedes ver na nosa páxina web do cole. A data límite de entrega é o **día 10 de decembro**.



Coma sempre, é voluntario, pero animámosvos a participar e a realizar esta actividade en familia, é unha forma de **reutilizar, reciclar e reducir** así axudamos á non contaminación do planeta empregando os elementos que ela mesma nos dá.

- Queremos pedirvos unha cousiña máis, como, na horta gustaríanos plantar o máis ecolóxico posible, pedímosvos **sementes**, teñen que ser **da casa**, non merquedes. Podedes mandalas nun sobre ou bolsiña de plástico co nome da semente por fóra.



2. CONSELLO ESCOLAR.

A renovación dos membros do Consello Escolar, será efectiva a comezos de decembro. Agradecemos a colaboración de toda a comunidade educativa.

- ### 3. PREGAMOS
- ante a aparición dalgún caso de piollos, revisen e apliquen o tratamento de ser preciso.

4. DÍA NON LECTIVO.

O luns, 16/05/2022, non é lectivo tras ser solicitado polo Consello Escolar e confirmado pola Xefatura Territorial. O martes, 07/12/2021, si temos clase.

Un saúdo

A DIRECCIÓN